

# EL CARNAVAL EN EL VALLE DEL MONTERREY

Artículo en Galego

EMILIO MARTIN SERNA

Non se ten precisado con certeza a orixe das festas do Entroido. É en épocas escuras da Idade Media cando aparece con máis forza formando parte do círculo litúrxico cristián, polo que parece que sen a existencia da Coresma, o Entroido, non perdurase na forma que maioritariamente se presentou ata hai algúns anos. Desde o Renacemento creuse que o Entroido proviña directamente das antigas festas Saturnais romanas. Nestas festas existía como costume xeneralizado, o troco de agasallos e invitacións, de vestirse con máscaras ou disfrazarse e de que os señores vestisen humildes roupas dos escravos, gozando estes por contrapartida, de certa liberdade sen recoñecer amo algún

A propia verba Carnaval levou a algúns a derivala de "carrus navalis" ou representación que nas festa das Kalendas de marzo viñan celebrala os romanos en honra da deusa Isis, con procesións, disfraces e exhibicións de barcos arrastrados pola terra.

O Entroido é unha festa na que os ritos e manifestacións de orixe arcaica mestúranse na época romana con outros de tipo social, que perduran ata a Idade Media, adquirindo tamén un sentido cristián. A convivencia de ambas manifestacións, a pagá e a cristiá, lévannos definitivamente a fixar os caracteres que aínda hoxe na actualidade detéctase na festa do Entroido

A cultura popular era poderosa mentres que a oficial e relixiosa máis feble, polo que, con fins propagandísticos a igrexa facía cadrar as súas festas con aquelas que fosen pagás co único fin de intentar cristianizalas. As festas populares nas que a risa, a burla ou a pantomima, eran elementos esenciais, foron consideradas como cousa demoníaca, emanante do Inferno, e o rezo, o recollemento, a oración e o arrepentimento como provintes de Deus. Estas premisas marcaron a concepción filosófica dos primeiros tempos da igrexa medieval, e en canto, comenzou a considerar como unha segunda natureza humana, estas manifestacións de desafogo, ata o estamento relixioso chegou a asumilo no contorno do seu propio ritual, permitindo pois estes excesos en determinadas datas do ano co único fin de erradicalo aos poucos, e así desta forma os mesmos relixiosos, conscientes do seu papel transformador, contribuíron á súa expansión baixo novas formas, potenciadas por eles. Así chegaron

a recrearse situacións xocosas e satíricas de paisaxes bíblicas e de libros relixiosos, sempre xustificándoas baixo a premisa desa segunda natureza humana. Na liturxia, nos funerais, nos matrimonios, bautizos e outras cerimoniais comezan a aparecer estas manifestacións satíricas, exemplo diso, son: "As festas do San Xoan" "Os Inocentes" "A Liturxia dos Borrachos" "O Evanxelio dos Borrachos" "O Testamento Porcelli" "Pater Noster" "Credo" e outras letanías, que sen ningunha dúbida remítennos aos Testamentos e Enterros das nosas festas do Entroido. Tamén vellas pezas teatrais, os "ministerys" (dos menestrais=gremios) con intención ridiculizadora son un precedente dos Entremeses e Apropósitos dos nosos tempos. En moitas destas festas saían xa previamente os "demos" enmascarados, circulando libremente polas rúas e creando un ambiente de desenfreo. Ao pouco tempo estes enmascarados xa aparecen organizados participando en gremios, en danzas e finalmente en procesións como penitentes representando sempre o demoníaco, o negativo fronte ao triunfo da fe.

A partir do Renacemento, coa nova concepción filosófica do mundo e da vida, a festa do Entroido foi máis unha lembranza e o adeus a outra época que xa terminara. Nalgúns casos foi así, máis noutros, a concepción vital medievalista perdurou por diversos motivos socioeconómicos, ata os nosos días; no rural, agrario e medieval a través das nosas xentes, as nosas vilas e cidades por medio dos gremios que mostraban os seus espectáculos, invencións, danzas e máscaras.

Cremos que foi esta concepción a constante que fixo que os habitantes dunha comunidade coma Verin, predominantemente galego e rural, mantinveran viva esta tradición popular e ancestral.

O Entroido verinense foi parello coas circunstancias históricas e políticas do país ao longo do tempo, celebrándose con maior ou menor sorte. Falamos duns anos que abarcan dende principios de século ata o ano 1.936, no que gozou dunha "certa" liberdade porque estivo marcado polas ordes e normas impostas polas autoridades da época, que non eran proclives a tanto derroche e desenfreo, e falamos tamén dos anos de represión, a época da posguerra, no que o Entroido suprimiuse en totalas suas manifestacións, chegando o ano 1.944, no que o alcalde por entón, de Verin, D. Edesio Fuentes consegue o permiso gubernativo para celebrar o Entroido na rúa, organizado a escote polos mozos e mozas, tendo a Praza Maior e da Estrela como centro neuráxico onde se ía concentra-la troula e ó que confluían as mascaradas e as comparsas para ledicia do numeroso público que enchía as fiestras das casas colindantes. Un monótono discurrir dos actos, a improvisación dos mesmos, a crítica, e o enxebrismo eran as notas que máis destacaban no Entroido dos anos corenta, e nos

seguintes, a pesares de adoecer nalgúns anos, tanto a necesidade de diversión e liberdade demandada pola xuventude da época, coma os esforzos por evitar a súa desaparición, prodúcese de novo en 1.981 un rexurdimento da festa do Entroido que nos leva ata os nosos días.

O Entroido coma festa popular é o reflexo dos vaivéns que constantemente lle sobreveñen ás xentes, a historia, a vida en fin. Mentres o Entroido sexa unha festa enraizada no pobo, estará suxeita a eses altibaixos lóxicos, adaptándose á forma de pensamento imperante en cada época e anovándose cada certo periodo, tal como ven acontecendo dende hai moitos séculos.

O ENTROIDO SERÁ MENTRES A XENTE O QUEIRA E COMO O QUEIRA.

### **EN CANTO O SIGNIFICADO DO ENTROIDO GALEGO OU ANTRUEJO EN CASTELA LEÓN**

É esta unha festa na que os ritos e as cerimoniais mestúranse: porse máscaras, comer "do porco" (degustar todo tipo de produtos relacionados coa matanza; chourizos, carne e outros), botar fariña, queimar os Entroidos, o Meco, cambiar o carácter durante uns días, cambiar os roles sexuais, etc...

Nestes días está permitido facer cousas que non o están o resto do ano e que ata parecerían de mal gusto, é pois o Entroido, en definitiva, o revés do mundo, a contradición da vida cotiá e a procura do investimento total dos valores. Inconscientemente búscase un equilibrio no exceso fronte ao desequilibrio que supón o respecto á penitencia cuaresmal.

A crítica social, a parodia, o grotesco, o burlesco, son modos de ridiculizar inconscientemente os feitos da vida cotiá, os oficios, os cargos públicos, os cortexos relixiosos, a guerra, a xustiza, a vida dos veciños e outras manifestacións de tipo social ou profesional. Os ritos do Entroido, a vestimenta, os devanditos e feitos improvisados confírenlle tamén a certas máscaras un carácter teatral. A literatura vese representada nas coplas e cancións populares deste tempo, alcanzando o verdadeiro carácter creativo que ten o seu máis alto reflexo na confección dos "Testamentos" e "Entremeses"

Distínguese tamén unha tendencia natural ao igualitarismo, ao verse suprimidas as diferenzas sociais, de idade, estado civil, clase, sexo, etc. facendo que nesta festa mestúrense todos, esquecendo os respectos e as distancias que a vida cotiá impón. É en esencia, a propia representación do paganismo fronte ao Cristianismo, nacido nunha época aínda máis pagá que a nosa, pero tamén máis relixiosa.

### **A FIGURA DO CIGARRON**



A máscara máis característica e arcaica da Comarca de Monterrei é a do Cigarrón no val de Verín.

Consta esta máscara dunha carauta de pau traballada en madeira e pintada de xeito que nela resalten as cellas, as sonrosadas meixelas, amplo bigote, cínico sorriso mostrando a dentadura e barba falsa. Vai prendida á carauta nunha sorte de mitra de follalata pintada con motivos diversos, predominando os vexetais e os animais, sendo moi frecuente, quizás tradicional a representación do sol e mais a lúa. Na actualidade os característicos ornatos vexetais e os astrais, teñen sido relegados polos de tipo zodárico e outras figuras que desvirtúan o carácter primixenio de tales representacións (indios e animais máis propios de outras latitudes). A parte posterior da mitra cérrase cunha pelica, que en tempos adoitaba ser de zorro, gatos montés, algalia, gato ou can, máis hoxe vése substituída por distintas imitacións de fibras sintéticas. Esta pelica que cae ata cubrir o lombo do Cigarrón, adoitaba rematar nun ou dous rabos que a tal efecto se deixaban ao despelexar ao animal. Caíndo dende o máis alto da mitra e por atrás, penduran uns guechos de crin de cabalo. Como roupa leva vestida unha camisa branca con gravata vermella (na actualidade de cores variadas) e por riba unha chaquetiña curta de seda con galóns e alamares dourados. Cubrindo os

hombreiros, charretas de militar proveídas de dourados frecos e pano de cores sobre eles, prendido con broches femininos. A chaquetiña non cerra no peito, senón que se asegura cuns barazos atados con lazada. Na cintura, faixa de varias voltas e por riba dela cinto de coiro do que penduran por atrás, preferiblemente seis grandes chocas. Estas chocas ou chocallos, de cobre, colócanse alternas pois diferencian o seu son en machos (graves) e femias (agudos). Ademáis de iren alternadas, deben tamén estar concertadas para que produzan o seu son característico. Unha das artes dos Cigarróns consiste precisamente en mover con xeito as chocas, usando do propio movemento do corpo. Cubrindo as pernas levan calzón curto con trezados de lá branca e de cor, frecos e borlas, nas que predominan as cores vermellas e verdes. O resto das pernas cúbrese con medias brancas que se suxeitan con ligas. Nos pés, calzado de zapato negro e corrente. Na man levan unha zamarra ou látigo do que pende, unha badana de pel.

O Cigarrón camiña sempre choutando e morneando as chocas, batendo coa zamarra a quen se cruza no seu camiño. Non fala e nunca debe sacar a súa carauta na rúa a pesares de que na actualidade sexa cousa frecuente. A mocidade vai tras del, aldráxandoo e chamándolle canto queira agás pronunciar o nome do que se esconde tras da máscara. Aqueles en quen baten non deben xámais tomar a mal os zamarrazos e o Cigarrón non pode tampouco sentirse ofendido polas aldraxes. Goza de total inmunidade o enmascarado, non pode ser tocado, é sagrado, aínda que está permitido darlle unha "lapada" nas costas para chamar a súa atención. Antigamente os Cigarróns de Verin, pedían cartos, costume este que orixinou a copla: "Cigarrón lapón mete os cartos no bolsón", dirixida ós enmascarados tempos atrás pola rapaciada que ía tras deles. Un ou varios cigarróns poden acorrallar aos viandantes e obrígalos a que na taberna máis próxima realicen unha invitación a viño. A obriga de seren invitados nas tascas e casas tamén foi corrente na vila, sendo trocada posteriormente por mor de ter que alugar a vestimenta quen quixera disfrazarse de Cigarrón, sustituíndose deste xeito a invitación en especie pola recadación monetaria.

A lenda descríbeo como cobrador de impostos ou levantador de caza dos Condes de Monterrei, señores do Val de Verin e de boa parte da provincia de Ourense no antigo réxime. A súa orixe real segue sendo enigmática e indescifrable para cantos investigadores pretenden desvelar o seu pasado. Mentres, o son dos seus chocallos, metálico e penetrante, segue enchendo anualmente de enharmonía as rúas e prazas de Verin nestas xornadas festivas. En calquera dos casos quizás esta falta de

seguridade para definir a súa verdadeira orixe, aínda lle dá un toque máis máximo si cadra.

## **OS DIAS DE ENTROIDO NO VAL DE MONTRETTY**

No Entroido de Verín cada día é unha sorpresa, é algo diferente, con un significado. Por este motivo, neste apartado tratamos de dar unha explicación a cada día.

### **17 DE XANEIRO "FESTA DO CHOURIZO EN SAN ANTÓN DE ÁBEDES"**

O 17 de Xaneiro celébrase a romaría de San Antón, máis coñecida como Festa do Chourizo. Nela, os romeiros vanse esparexendo e collendo sitio polo monte, arredor da capela, con fardelos de comida (chourizo, costela de porco, empanada...) e de viño. A romaría do San Antón atópase entre a mitoloxía ancestral e a relixiosidade popular. Esta trata da típica ofrenda ao protector benefactor, no pasado unha divindade ou forza da natureza, agora o santo Antón.

Fai aparición por primeira vez a máscara do Cigarrón, cara a tardiña, que látego en man e sorriso cínico plasmado na súa careta, anuncia a proximidade do Entroido. (En C. Rodrigo una festa similar e o S. Blas o tres de febreiro)

### **XOVES DE COMPADRES**

É noite de homes, aínda que co paso dos anos son máis as mulleres que tamén se animan esta noite, cambiando o seu rol e disfrazándose coma se homes fosen.

### **DOMINGO CORREDOIRO**

Comenzase propiamente a "corre-lo Entroido", xa que e primeiras horas da mañá hai unha descarga de foguetería e as principais rúas da vila, enchense de algarabío e sonido coa música das charangas

Celébrase a primeira concentración matinal de cigarróns, que farán a súa aparición para saúdar a todos os veciños a saída da misa. A tarde-noitiña celébrase na Praza Maior de Verín o primeiro baile de máscaras

vespertino o son das orquestras e ten lugar a primeira fariñada, ingrediente indiscutiblemente entroideiro.

### **XOVES DE COMADRES**

¡¡CHEGOU O ENTROIDO!!!! Miles de mulleres disfrazadas participan o Xoves de Comadres en ceas colectivas, enchendo tódolos restaurantes da vila, e pobre do home que estea fóra da casa antes da medianoite..... A esta hora toda esta multitude vaise xuntando nas rúas facendo a procesión da vela e das sabas brancas para recibir ao Entroido e a Raíña do Carnaval no Barrio de San Lázaro, facendo a súa entrada pola calzada medieval que baixa dende o Castelo de Monterrei, escoltados polos cigarróns, para levalos en comitiva percorrendo as rúas do casco vello ata o balcón da raíña do Entroido. Alí escoitaremos o pregón, relato que de xeito satírico, grotesco e burlón, ridiculiza todos os sucesos acontecidos ao longo do ano na vila.

### **VENRES DE ENTROIDO COMPADREO e COMADREO**

Día no que os veciños e visitantes participan xuntos na festa, amenizados por charangas e orquestras. Procesión polas principais rúas da vila de capuchóns e mascaritas

### **SABADO DE ENTROIDO**

Unha descarga de foguetes e bombas, e alboradas coas charangas espertan a todos os veciños. Pola tarde, na "Praza do Cigarrón", e organizado pola Asociación do Cigarrón, acto solemne no que tres novos cigarróns serán vestidos, con todas as honras en presenza de toda a xente que queira acompañalos nese día tan especial. Asiste o acto a Raíña do Entroido e o Entroideiro Maior.

Hai tamén degustación gratuitos de produtos típicos como a bica e o licor café, amenizado dito acto con diversas charangas. A noitiña, ata altas horas da madrugada, baile popular.

## **DOMINGO DE ENTROIDO**

O día grande do Entroido e de maior intensidade. A primeiras horas da mañá volven a ser protagonistas as bombas e as charangas, pero que xa non espertarán a tantos veciños, posto que serán moitos, mozos e mozas, e non tan mozos/as os que estean esperando despois dunha longa noite de alegría e diversión a chegada do desfile de comparsas e carrozas, que se concentran no Barrio de San Roque ata a súa saída.

As doce do mediodía comenza o Gran Desfile de Carrozas, Comparsas, Máscaras e Cigarróns, amenizado pola Banda de Gaitas do Concello de Verín, e das charangas, que percorrerán as rúas da vila, abarrotadas de xente, enchendoas de vida, de cores, de alegría, de música, de diversión e despreocupación, sendo numerosa a multitude de persoas, entre máscaras participantes e espectadores que terminan por aglutinarse na Praza García Barbón ao remate dese desfile popular.

Dende a tarde ata a noitiña, diversas orquestras e charangas amenizarán tanto aos veciños coma os visitantes e a partires de media noite verbena popular.

## **LUNS DE CARNAVAL**

Pola mañá, o son dun foguete para darlle unha tregua a quen dorme e a vez avisar aos e ás superviventes de que a música volve a soar polas rúas coas charangas.

Os nenos/as da vila disfrazados/as son os protagonistas indiscutibles deste día e de todas aquelas actividades infantís que teñen lugar no Pavillón dos Deportes de Verín.

Na Praza Maior terá lugar unha auténtica batalla de fariña, na que todo o mundo acaba manchado, sobre todo aqueles que máis limpiños van. A fariña era noutros tempos considerada, un símbolo de fecundidade. Cara a tardiña-noite todos voltamos ao baile ao son da música das orquestras.

## **MARTES DE CARNAVAL**

É o derradeiro día da gran xolda popular. Bombas e foguetes arrincan pola



mañá coa mesma intensidade como anunciaron a chegada do Entroido. Para despois de xantar as rúas voltan a encherse de xente para revivir o domingo do Entroido, cunha repetida concentración e Desfile de Carrozas, Comparsas, Máscaras e Cigarróns, amenizado unha vez máis pola Banda de Gaitas do Concello de Verín, e das charangas. Conclúen este día os bailes e verbenas populares, e a xolda nocturna dáse por finalizada para moitos/as ao amencer do día seguinte.

### **MÉRCORES DE CINSA**

Festivo local, para que a xente descanse -pouco máis hai que dicir...- Necesidade de Descanso . alomellor en Ciudad Rodrigo podían estudar esta necesidade de descanso trala dura xornada entroidais o carnavalesas

Emilio Martín